

ANÁLISE MATERIALISTA DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES E AS PERSOAS LGBTQ+ UNHA PROPOSTA COMUNISTA

NOVEMBRO 2025



Autor

Iniciativa Comunista

Correo electrónico

iniciativacomunista@gmail.com

X

@IniciativaComun

Instagram

iniciativa_comunista

Portada

«*Día Internacional da Muller Traballadora*», 1930, Valentina Kulagina

Índice

Unha análise materialista da violencia contra as mulleres	4
I. Unha análise materialista da violencia contra as mulleres	4
II. A cuestión organizativa na emancipación das mulleres	9
III. As masas femininas e a estratexia comunista	11
IV. Principios e Obxectivos.....	14
 Unha proposta comunista fronte á violencia LGBT+ e para a organización revolucionaria	 15
I. O «xénero» como expresión da división sexual do traballo	15
II. Crítica ás Teses sobre o xénero	16
III. Unha análise materialista da división sexual da práctica social	18
IV. A violencia contra a clase obrera LGBT+.....	22
V. Estado do movemento LGBT+.....	23
VI. Proposta política.....	24

Unha análise materialista da violencia contra as mulleres

«Segundo a concepción materialista da historia, o factor que en última instancia determina a historia é a produción e a reprodución da vida real. Nin Marx nin eu afirmamos nunca máis ca isto. Se alguén o deturpa dicindo que o factor económico é o único determinante, converterá aquela tese nunha frase baleira, abstracta e absurda»

F. Engels, Carta a J. Bloch, 1890

I. Unha análise materialista da violencia contra as mulleres

Unha verdadeira teoría que se postule como guía para a revolución e a emancipación de todas as formas de opresión debe abordar de maneira sistemática a análise da cuestión de xénero. Esta análise non se limita a ser unha obriga teórica, senón que ten repercusións prácticas significativas no avance da loita de clases. Desde a acción política e a liña de masas até as formas organizativas que atravesan a práctica revolucionaria, poñendo especial énfase no papel activo das mulleres oprimidas e explotadas neste proceso.

Porén, a resposta que se deu na última década no movemento comunista oscila entre o seguidismo acrítico ás posturas do feminismo, esquivando o necesario desenvolvemento do marxismo-leninismo na emancipación das mulleres; a apatía arrogante que entende a opresión de xénero como un remanente histórico que o propio capitalismo xa superou; e a reacción aberta desde as filas do socialchovinismo. Sen dúbida, estas respostas reaccionarias non son tristes casualidades, senón que responden ao aliñamento de sectores atrasados das clases populares coas saídas máis reaccionarias á crise do imperialismo. Debemos partir dunha postura integradora do concepto de clase, entendida como unha relación social que se concreta historicamente mediante manifestacións diversas e contraditorias.

Pola súa banda, desde o movemento feminista

sinaláronse manifestacións concretas da opresión e das formas contraditorias que estas revisten, mais analizáronse de maneira non sistemática, sen entendelas como determinacións de clase. E é que resulta evidente como a violencia contra as mulleres se estende a todos os ámbitos da vida e se presenta de formas moi diversas: feminicidios, agresións sexuais, acoso laboral, violencia machista na familia, na parella ou na contorna, desigualdade e precariedade laboral, desigualdade nas prestacións sociais e nos subsidios, desigualdade no acceso a servizos e tratamentos sanitarios, falta de estudos médicos e de protocolos sanitarios, etc.

A sistematicidade destas situacións de violencia revela que non son casuais nin conxunturais e que, polo tanto, existen unhas bases materiais que as reproducen e as consolidan. Neste punto é fundamental sinalar que a opresión feminina non se pode reducir a unha cuestión cultural ou educativa, senón que, pola contra, ten raíces máis profundas que teñen lubricado o funcionamento da sociedade capitalista como modo de produción dominante. A vulnerabilidade económica (e social) das mulleres non pode extinguirse pola vontade política de determinados partidos ou gobernos, porque existe unha necesidade de manter as bases sobre as que se ergue a sociedade capitalista, isto é, a necesidade de que a forza de traballo feminina estea desvalorizada con respecto á masculina e xere máis beneficios, de

que as mulleres conformen o gran exército industrial de reserva, de que asuman a grande maioría do traballo reprodutivo ou se incorporen masivamente ao traballo asalariado con baixos soldos, en función das necesidades da produción capitalista.

É aquí onde necesariamente a análise da situación das mulleres precisa vincularse á perspectiva xeral do imperialismo e ás contradicións que aparecen no seo da clase obreira, e que non poden ser atribuídas tan só a unha falsa conciencia. A violencia contra as mulleres non se concreta do mesmo xeito para todas, xa que varía en función da súa posición no modelo de produción e na división internacional do traballo.

Así, as mulleres da clase dominante non se ven sometidas á precariedade económica das mulleres obreiras no traballo, nin á hora de acceder a unha vivenda, nin teñen baixos subsidios ou prestacións, nin teñen que compatibilizar o traballo doméstico coa explotación asalariada, nin tampouco se ven ameazadas por “non ter papeis” ou por verse abocadas a traballos marxinais e perigosos para sobrevivir, nin dependen das súas parellas para aspirar á estabilidade económica. En definitiva, o que as caracteriza precisamente é a súa posición de clase, na medida en que non teñen a necesidade de vender a súa forza de traballo para vivir, senón que viven de organizala, de apropiarse do valor e dos beneficios que outros e outras xeran. Pola súa banda, só as capas acomodadas de mulleres das rexións imperialistas poden aspirar a emanciparse do traballo reprodutivo e das cargas familiares, mentres que a inmensa maioría das mulleres traballadoras continúan sometidas ao traballo reprodutivo e ao traballo asalariado, mal remunerado e precario, como única opción de supervivencia. E é que a falta de autonomía económica das mulleres implica unha maior exposición á violencia sexual e ás agresións machistas, xa que, ao non dispoñer de recursos económicos nin habitacionais, dependen do soldo do marido e das estruturas familiares.

Isto fai que a familia obreira continúe a ser un pilar fundamental da sociedade capitalista, na medida en que existe unha profunda dependencia do salario tanto para pagar a vivenda e os gastos como para mercar todo tipo de mercadorías, ocio, transporte, etc. O modelo de familia nuclear como célula económica por antonomasia, especialmente tras a ofensiva imperialista dos anos setenta e oitenta, continúa vixente hoxe porque garante a reprodución das relacións sociais capitalistas, a reprodución da forza de traballo da clase obreira e, ao mesmo tempo, a produción e o consumo de mercadorías. Neste sentido, a familia obreira xoga un papel contraditorio, porque por unha banda ofrece un “refuxio” económico ás mulleres, xa que sen o apoio do segundo soldo non poderían aspirar a unha vivenda ou cubrir os gastos básicos, mais por outra banda asenta a dependencia feminina respecto do varón. E este difícil equilibrio ao que se ven sometidas desvaloriza a súa forza de traballo e convérteas en exército industrial de reserva, especialmente importante en épocas de crise.

Na fase imperialista do modo de produción capitalista, as mulleres obreiras occidentais teñen acceso a certa independencia económica e benestar, a servizos públicos, educación, asistencia sanitaria e protección legal en situacións de embarazo, mentres que as mulleres das rexións dependentes viven en réxime de semiescravidade asalariada e/ou sexual. A dependencia económica dos países do chamado Sur Global materializouse grazas á proletarización masiva das mulleres desposuídas das áreas rurais de Asia, África ou América do Sur, que acabaron producindo a grande escala para as industrias occidentais con salarios que non permiten a supervivencia. Sen esta man de obra feminina dificilmente podería terse garantido a produción capitalista e as sociedades de consumo en Occidente, nin o acceso a determinados servizos e mercadorías a baixo custo para as sociedades dos centros imperialistas.

Fóra do ámbito marcado pola familia nuclear e dado o deterioro das redes de protección colectiva do movemento obreiro e popular, as mulleres desposuídas atópanse especialmente desprotexidas, abocadas tanto á explotación laboral máis aberta como á explotación sexual, especialmente as mulleres migrantes e as persoas trans, na medida en que a falta de papeis e de recoñecemento legal as converte en suxeitos altamente vulnerables que raramente poden sobrevivir máis alá das marxes da sociedade, onde a súa integridade física non está garantida. Así prodúcese o coñecido movemento pendular que empurra as mulleres á precariedade laboral en momentos de ascenso económico ou as expulsa ao ámbito familiar en momentos de retroceso. Toda persoa que non teña encaixe neste modelo centrado arredor da familia burguesa ten dúas alternativas, ou tentar replicar a familia burguesa/obreira que cumpra coa súa función social para ser aceptada —como determinados sectores LGBTI inseridos no modelo de familia nuclear—, ou ser lanzada ás filas do lumpenproletariado nas marxes da sociedade, sendo apartada da produción e sen o recoñecemento dos seus dereitos máis fundamentais. Como reflexo desta contradición, estase a dar unha entente entre parte do feminismo, xa convertido en movemento feminino de réxime institucional, e un amplo espectro reaccionario para volver poñer no centro a procreación, o esencialismo biolóxico e a familia nuclear. Esta reorganización ideolóxica nos países imperialistas, nun contexto de baixa natalidade e crise económica, require alianzas coa reacción e co socialchovinismo e ten como obxectivo reforzar as estruturas familiares e a escravitude doméstica, así como marxinalizar todos os suxeitos que non encaixen (especialmente as persoas LGBTI).

Dito isto, a análise materialista da violencia contra as mulleres non se esgota no coñecemento da realidade actual, senón que tamén nos conduce ao estudo da evolución histórica da violencia, do desenvolvemento dos modos de produción, da división do traballo, das estruturas de propiedade e familiares, así como da análise das contradicións que

se deron na loita de clases.

Así, malia que desde as primeiras formacións humanas do Paleolítico xa existía unha división sexual do traballo, esta non implicaba en ningún caso un sometemento estrutural das mulleres, xa que tanto homes como mulleres participaban das tarefas de aprovisionamento e supervivencia e a capacidade de xestar non supuña unha condición de dominación. Foi coa chegada da produción neolítica, co control da produción e do excedente produtivo, cando se fixeron necesarias estruturas familiares estables e un modelo de división sexual do traballo moito máis acentuado, baseado na dominación da capacidade reprodutiva das mulleres a través do matrimonio monógamo e da patrilinealidade. Deste xeito, foron os homes quen se asentaron no control dos medios de produción grazas ao fortalecemento da propiedade privada a través da herdanza. Xa na época feudal das rexións europeas, a sociedade campesiña e artesá era unha sociedade fortemente patriarcal, onde o poder do marido se garantizaba a través da familia e do Estado, que só recoñecía aos varóns a titularidade das propiedades e dos dereitos económicos. Malia isto, as mulleres participaban da produción social e eran fundamentais nas tarefas de abastecemento e supervivencia das familias, se ben baixo unha división sexual do traballo significativa que relegaba ás mulleres ás actividades de crianza, mantemento do fogar, cría de gando e animais, confección de roupa e alimentos, limpeza do fogar, etc.

Coa chegada da produción capitalista e da nova división das clases sociais (burguesía e proletariado), as mulleres obreiras foron desprazadas ás tarefas de reprodución nos seus fogares ou ao servizo como criadas das clases dominantes, ou ben ao traballo asalariado pouco cualificado en función das necesidades produtivas. É aquí cando se establece unha clara distinción entre traballo produtivo e reprodutivo, entre a produción de mercadorías e a reprodución da forza de traballo. As relacións sociais capitalistas, que destruíron o dereito feudal, permitiron un acceso desigual das mulleres á

produción social, mais ao mesmo tempo asentáronse sobre as relacións patriarcais feudais, reconfigurándoas a través de novas formas de familia nuclear e separando espacial e temporalmente o traballo doméstico do traballo estritamente produtivo. Co auxe da industria capitalista e o acceso de mulleres e crianzas á produción manufactureira, as estruturas familiares no seo da clase obreira foron desgastándose a maquinaria e o salario equiparaban traballadores e traballadoras, que ían gañando unha independencia maior ca no modo de produción anterior. Porén, este mesmo proceso tipicamente capitalista de conformación dunha clase obreira impersoal e uniforme pon en risco as necesidades crecentes de man de obra da produción e, polo tanto, a necesidade de reprodución das propias relacións sociais capitalistas a escala ampliada. Deste xeito, baixo períodos de expansión capitalista, as mulleres desposuídas participaron masivamente nos traballos de servidume e na industria manufactureira, o que xeraba grandes dificultades para o asentamento da familia e a reprodución da forza de traballo. Por outra banda, o acceso masivo das mulleres á produción social asalariada foi a base material da acción política das mulleres obreiras ao longo da historia, non exenta de contradicións e retrocesos. En períodos de guerra, crises demográficas e retracción da produción, as mulleres traballadoras foron conducidas ás tarefas reprodutivas mediante a prohibición de determinados traballos penosos e do traballo infantil, así como pola prohibición do divorcio, a penalización do aborto e o crecente control estatal sobre a educación. A partir deste momento, a función das mulleres traballadoras consistiu en repoñer e reproducir a forza de traballo e en manter a produción capitalista, mentres que a función das mulleres burguesas se traduciu no mantemento da propiedade privada a través da familia, do matrimonio e da herdanza.

Deste xeito, a análise materialista da estrutura familiar no capitalismo debe poñer no centro a relación concreta entre a produción de mercadorías e o traballo reprodutivo, entre a esfera produtiva e a reprodutiva como momentos da acumulación

capitalista. O volume total de traballo para a acumulación capitalista non inclúe só o traballo produtivo mercantil retribuído mediante un salario, senón que require necesariamente unha serie de traballos improdutivos, de horas de traballo destinadas a transformar os medios de vida nunha forza de traballo ampliada, garantindo a reprodución da clase obreira. Esta reprodución da clase no seu conxunto inclúe o coidado de persoas enfermas, de obreiros non activos, así como a reprodución e educación da infancia, desenvolvidas no marco familiar ou comunitario ou directamente polo Estado. A separación espazo-temporal do traballo doméstico respecto do traballo produtivo convértese nunha ruptura abrupta, característica tipicamente capitalista, que transforma o traballo reprodutivo nunha tarefa “consustancial” ás mulleres, quedando estas vencelladas á esfera doméstica.

Porén, subxace unha contradición no marco da acumulación capitalista entre a necesidade do traballo reprodutivo para asegurar a reprodución biolóxica da forza de traballo e a pulsión do capital por capturar todas as horas de traballo posibles para a extracción de plusvalía e a obtención de beneficio capitalista. As necesidades de reprodución do capital socavan as bases da reprodución da forza de traballo, e as necesidades de reprodución da forza de traballo obstaculizan o pleno emprego do traballo dispoñible para a produción de plusvalor. As formas concretas nas que se resolve esta contradición dependen non só das necesidades do capital, senón tamén do grao de intensidade da loita de clases no marco da división internacional do traballo (a dispoñibilidade de mercadorías baratas, o emprego de poboación migrante desposuída, etc.) e da influencia desta sobre a conciencia obreira.

As mulleres experimentaron diversas fórmulas de violencia que variaban segundo a lóxica de cada modo de produción dominante e que en ningún caso foron froito dun modelo de dominación autónomo como o “Patriarcado”, entendido como unha estrutura opresiva que se autorreproduce coas súas

reglas de funcionamento e que se mantén inmutable ao longo da historia. A subordinación feminina manifestouse como opresión, mais como forma de control de clase, cuxas características dependen das necesidades do modelo de produción dominante en cada época. A postura que defendemos é que a realidade debe ser entendida no marco dunha análise do papel da clase na produción e reprodución social, superando reduccionismos economicistas e posturas funcionalistas, no sentido de que a violencia contra as mulleres non responde sempre de maneira mecánica a unha simple funcionalidade para o capital. Por outra banda, tamén procuramos superar análises fragmentarias e teorías que defenden unha interrelación de opresións (interseccionalidade) ou de “eixes de opresión”. Estas teorías fican nun primeiro momento de recoñecemento da simultaneidade das opresións, mais fallan á hora de explicar cal é o motor da violencia que sofren distintos grupos de persoas oprimidas, que trazo domina e configura o desenvolvemento dos demais. Malia todo, isto non significa que a violencia contra as mulleres sexa homoxénea, xa que varía en función do lugar que ocupan na sociedade de clases; polo tanto, as propostas políticas que apelan a unha unidade abstracta das mulleres ou ás “mulleres en xeral”, e que omiten sinalar o modo de produción capitalista como garante da submisión da clase obreira e das mulleres traballadoras, deben ser cuestionadas e superadas.

Entender o desenvolvemento histórico da división sexual do traballo e da situación das mulleres obreiras lévanos a afrontar contradicións reais, como o aliñamento dunha parte da clase traballadora e do movemento obreiro con intereses reaccionarios que intensifican a opresión das mulleres en Occidente e, especialmente, nos países imperializados. Entender o desenvolvemento histórico da opresión das mulleres implica tamén entender o papel da familia burguesa e da familia obreira, comprender como o traballo reprodutivo actuou e transformou as sociedades humanas desde o Paleolítico até o capitalismo na súa fase imperialista, e como se desenvolveu unha división internacional do traballo que, ao mesmo tempo,

tamén se configurou como unha división sexual do traballo.

Este é o momento esencial da análise marxista da sociedade. A partir de aquí, a proposta política comunista cobra vital importancia para a emancipación das mulleres, na medida en que pivota sobre a socialización das tarefas reprodutivas e a participación das mulleres na produción social baseada na satisfacción das necesidades humanas, e non na produción de valor de cambio e na acumulación capitalista. A sociedade comunista rompe coa barreira entre o mundo produtivo/reprodutivo e recorre por igual ás capacidades de homes e mulleres e, polo tanto, rompe coa necesidade da familia capitalista e coa capacidade de mando do varón.

II. A cuestión organizativa na emancipación das mulleres

«O partido debe posuír órganos, grupos de traballo, comisións, comités, seccións, ou como se lles queira chamar, cuxa misión especial sexa espertar ás grandes masas femininas, poñelas en contacto co partido e mantelas de maneira constante baixo a súa influencia. [...] Para traballar neste eido, precisamos órganos especiais de traballo, métodos de axitación e formas de organización especiais. E isto non é feminismo: é eficacia práctica revolucionaria.»

V.I. Lenin, citado en Lembranzas sobre Lenin de Clara Zetkin, 1925

A militancia organizada das comunistas e da clase obreira é unha condición indispensable, mais non suficiente, para reverter a violencia contra as mulleres nin para acadar a súa emancipación. É necesario construír un tipo específico de organización capaz de liderar e preparar as mulleres para un proceso revolucionario. O movemento feminista defendeu historicamente a autonomía absoluta respecto da organización comunista e apostou pola organización non mixta das mulleres, cunha maior tendencia a vincularse co reformismo na consecución dunha axenda política liberal a través do ascenso laboral ou da representación institucional das mulleres (funcionariado en xeral, universidade, ministerios, exército, xudicatura, partidos políticos, etc.). Deste xeito, malia os avances culturais e na conciencia colectiva, sacrificáronse cambios estruturais e transcendentais a cambio de pequenos avances inmediatos e dun certo rédito electoral.

O modelo asembleario típico do movemento feminista e anarquista, apoiado en ideas esencialistas sobre a loita de sexos, establece que as mulleres deben organizarse de forma “horizontal” por riba da unidade de acción e da capacidade de dirección política, ao considerar esta última como actitudes autoritarias e “patriarcais”. Esta fórmula organizativa afasta as mulleres das formas máis avanzadas, contrastadas historicamente na loita de clases, para rematar recluíndoas en espazos de autocuidado proclives á desaparición en momentos de refluxo político e de represión do Estado.

Dentro do campo do comunismo, hai organizacións que en momentos de crise económica retroceden ao socialchovinismo, enarborando valores tradicionais de patria e familia, mentres que outras organizacións renunciaron a formular un discurso comunista e víronse superadas polas propostas feministas do ciclo pasado, aceptándoas acriticamente o planteando una oposición pero sin presentar alternativas políticas, teóricas y organizativas. Os destacamentos comunistas que non lograron superar criticamente estas tendencias feministas rematan por defender unha dobre militancia das mulleres: tanto na loita feminista como nas filas das organizacións proletarias xunto ao resto dos seus compañeiros. Porén, este esquema relega o marxismo e a militancia comunista a un espazo máis de loita e desposúeos da necesaria dirección política, ademais de fomentar a disociación das loitas e a ausencia de rendición de contas da militancia comunista. En calquera caso, é necesario impulsar cadros femininos nos destacamentos comunistas que integren a acción antipatriarcal como elemento fundamental da súa estrutura e da súa liña estratéxica desde o marxismo, e que apunten ás necesidades xerais de reconstitución do Partido Comunista.

Esta aposta pola profesionalización da militancia feminina pasa por defender unha dirección non mixta integrada por mulleres, que se manteña dentro dos cauces do centralismo democrático e suxeita ao control dos órganos de dirección. Ao mesmo tempo, esta estrutura goza de autonomía para desempeñar

labores vinculadas especificamente coa loita das mulleres: o desenvolvemento teórico desta cuestión, a dirección da actividade militante, a orientación feminista do traballo sindical, etc. O cumprimento destes acordos garántese a través da participación de todas as mulleres nos órganos comúns do Partido e mediante unha política de representación especial que asegura á estrutura de mulleres a súa presenza nos órganos de dirección. Isto en ningún caso pode significar que os homes militantes se desentendan das tarefas antipatriarcais, posto que colaboran na elaboración xeral da liña política e a aplican na súa realidade concreta. Esta dirección non mixta non pode converterse nun espazo paralelo onde se emenden cuestións de liña xeral nin tampouco nun ámbito dedicado en exclusiva á xestión de agresións machistas, xa que isto acaba bloqueando as labores de dirección. Ante todo, a dirección non mixta é un órgano executivo con capacidade de mando e exerce liderado político, polo que as tendencias assemblearias, así como a ideoloxía reaccionaria que vincula o liderado e a autoridade con trazos patriarcais, favorecen a inacción da dirección e o cuestionamento político das mulleres dirixentes. Se entendemos que o centralismo democrático é a forma organizativa máis avanzada da que se dotou a clase obreira para acadar os seus obxectivos revolucionarios, socavar os principios leninistas na organización das mulleres supón tamén boicotear a capacidade revolucionaria das mulleres na organización comunista.

Pola súa banda, a organización comunista debe velar por que as mulleres non se vinculen de maneira sistemática a labores organizativas ou loxísticas e se impliquen en tarefas de dirección e de formación. A militancia masculina ten aquí un papel fundamental, pois debe promover a plena participación das camaradas e impuselas cara a tarefas de responsabilidade e dirección, sen caer en posturas condescendentes nin na coñecida como “política de cotas”. Os camaradas deben entender que este impulso debe ir da man dunha formación militante e da asunción consciente das responsabilidades, e non deben impoñelas a camaradas que non estean

minimamente preparadas. Igualmente, deben evitar desviar as cuestións antipatriarcais cara ás súas compañeiras, xa que estas non só lles incumben a elas, senón ao conxunto da militancia. Pola súa banda, tamén deben comprender que o seu comportamento afecta directamente ao traballo militante das súas camaradas e que, se tenden a minusvalorar as mulleres ou manteñen actitudes irrespectuosas cara a elas, están impedindo que despreguen o seu potencial revolucionario e, polo tanto, están a actuar en detrimento do proxecto comunista.

Dito isto, a organización tamén debe dotarse de protocolos contra as agresións machistas para combater a violencia contra as mulleres por parte da propia militancia, non só para protexer as militantes e asegurar que poidan continuar coas súas tarefas políticas, senón tamén para corrixir as actitudes reaccionarias no seo da organización por parte dos militantes, para construír a conciencia revolucionaria, fortalecer os lazos de solidariedade e camaradería e, se non é posible corrixir tales actitudes, para expulsar os militantes que poñen en risco a saúde e o traballo das súas camaradas.

Por outra banda, o difícil panorama no que se atopa o movemento comunista a nivel organizativo e ideolóxico non debe obrigarnos a formular intentos forzados de unidade comunista con quen non comparte os principios estratéxicos máis básicos, entre eles, a emancipación das mulleres. Os proxectos de unidade non poden deixar á marxe a estratexia antipatriarcal, que debe erixirse como verdadeiro estandarte da organización, como elemento fundamental á hora de deslindar campos cos destacamentos atrasados ou sectarios. Tanto a nosa organización como calquera proxecto comunista de unidade debe referenciarse por un tratamento profesional e coidado da liña antipatriarcal. Neste sentido, debemos potenciar os avances ideolóxicos e organizativos do comunismo, na medida en que a unidade florece a través do fortalecemento das teses comunistas. Como militantes estamos chamadas a construír unha organización de cadros femininos, de

grandes axitadoras e propagandistas, con intuición para detectar as tendencias das masas e o oportunismo da política reformista, con capacidade para establecer un marco forte e flexible de alianzas, para detectar os verdadeiros inimigos do proxecto revolucionario, indo máis alá da aparencia das loitas,

con capacidade para ver a potencia das militantes e atraer os cadros máis avanzados ao proxecto comunista, e coa habilidade de dirixir en situacións de espontaneidade e de analizar as necesidades máis elementais da súa clase, elevándoas ideoloxicamente.

III. As masas femininas e a estratexia comunista

«Cada unha destas batallas [polas reivindicacións das mulleres obreiras] colócanos fronte á honorable irmandade burguesa e aos seus non menos honorables lacaios reformistas. Obrígaos a unha de dúas cousas: ou loitar baixo as nosas bandeiras —cousa que non queren—, ou desenmascararse. Polo tanto, estas loitas deslindan o noso campo e presentan á luz do día a nosa face comunista. Con elas, gañamos a confianza das grandes masas femininas que se senten explotadas, escravizadas e pisadas pola supremacía do home, pola forza do patrón, pola sociedade burguesa enteira.»

V.I. Lenin, citado en Lembranzas sobre Lenin de Clara Zetkin, 1925

Co desenvolvemento das distintas crises económicas, as mulleres traballadoras empeoraron as súas condicións de vida e víronse reforzadas no traballo reprodutivo, accedendo en maior medida ca os traballadores masculinos a contratos con xornada parcial e temporais en sectores pauperizados, o que contrasta enormemente coas aspiracións de progreso capitalista das mulleres occidentais. E estas contradicións no seo das masas femininas deben ser abordadas coidadosamente, sen caer en esencialismos que nos leven a pensar que é imposible organizar as mulleres obreiras occidentais en tanto que “acomodadas”, e sen caer no oportunismo masista que só intenta aproveitar a conxuntura de crise sen ter en conta as limitacións da sociedade imperialista. Neste punto cómpre ser moi conscientes de que os dereitos das mulleres, especialmente os reprodutivos, foron e serán obxecto de ataque por parte dos sectores máis reaccionarios, e é necesario traballar alianzas nas capas obreiras para facer fronte ás agresións desde unha perspectiva comunista.

Así, a organización revolucionaria debe facerse eco das demandas progresistas desde a ideoloxía comunista, pois reflicten unha clara necesidade política e esixencias organizativas que deben ser atendidas ofrecendo tanto canles políticas para reforzar os principios e a organización comunistas, como explicacións claras sobre a violencia contra as mulleres. O noso obxectivo non pasa só por denunciar que a situación das mulleres non é arbitraria nin casual, senón que ten a súa orixe na lóxica do modo de produción capitalista e na súa sacrosanta propiedade privada, que incide no funcionamento das familias, no traballo asalariado e no Estado, así como tamén pasa por impor un proxecto de sociedade comunista no que a produción social non estea dominada pola incansable acumulación de capital, senón polas necesidades humanas. A dificultade das militantes pasa entón por vincular as demandas progresistas coa conciencia comunista a través de distintas tácticas, que deben ser flexibles e responder á conxuntura do momento.

A militancia comunista ten a responsabilidade de defender os dereitos máis básicos e democráticos das mulleres e facer especial fincapé na conquista de dereitos para as mulleres traballadoras que poidan supoñer unha maior conciencia política, capacidade organizativa e independencia económica, como por exemplo o dereito ao aborto universal, seguro e gratuíto con independencia da “situación administrativa”, o aumento dos salarios e a mellora das condicións laborais en traballos moi feminizados, a implantación dun sistema forte de escolas infantís nos barrios obreiros, a mellora das prestacións por maternidade e paternidade e das medidas de conciliación entre a “vida laboral” e a “vida persoal”. Pero non podemos limitarnos a reivindicar dereitos baixo a sociedade capitalista, senón que debemos fortalecer e impulsar espazos que sirvan para a toma de conciencia revolucionaria. Como comunistas debemos ter axenda propia, unha axenda marcada pola firme convicción dos principios revolucionarios e antipatriarcais, sen que estes nos impidan traballar conxuntamente cos espazos que a nosa clase crea intuitivamente para a defensa dos seus intereses máis inmediatos.

Neste sentido, a organización comunista non pode esgotar os esforzos en impulsar o autodesenvolvemento do feminismo, senón apostar pola creación e fortalecemento de espazos políticos para as mulleres obreiras. Isto é, os nosos principios deben ser firmes, pero a táctica para aplicalos non ten que responder a un esquema ríxido, podendo desenvolver e fortalecer espazos de unidade comunista, antiimperialista ou espazos de mulleres obreiras e traballadoras migrantes que sirvan para a toma de conciencia política. O obxectivo pode pasar tanto por organizar baixo as filas comunistas ás mulleres traballadoras como por conseguir que as mulleres organizadas nestes espazos de resistencia defendan, difundan e apliquen a liña comunista, a ideoloxía revolucionaria. Dito isto, ás comunistas non nos abonda con participar nestes espazos, contribuír ao seu impulso ou á súa supervivencia, senón que debemos construír unha verdadeira influencia na

acción e orientación a través da iniciativa e da exemplaridade dun traballo honesto e transparente. Trátase, en definitiva, de que a organización comunista teña dirección política sobre os espazos que impulse e sobre os espazos de resistencia, especialmente os das mulleres obreiras. Precisamos espazos que redunden na organización das mulleres baixo os principios xerais do internacionalismo e da revolución, que axuden a vincular as súas reivindicacións particulares como obreiras cos eixes políticos fundamentais do socialismo.

As tarefas da organización comunista deben orientarse tanto á organización de mulleres obreiras con certa conciencia de clase como á organización de militantes máis avanzadas. Atraer determinados perfís de militantes pasa por referenciarse politicamente, e non limitarnos a presentarnos como as máis radicais de cada fronte. E isto, á súa vez, pasa por realizar bos análises de conxuntura, tanto a nivel económico e social como a nivel particular do territorio, por desenvolver axitacións que vinculen as necesidades das mulleres obreiras coa necesidade de organizarse politicamente baixo un proxecto comunista. Tamén é necesario referenciarse a través do impulso de espazos con capacidade de actuación e de traballo, fuxindo do *presencialismo* en asembleas e colectivos e daqueles frentes onde non se realice unha verdadeira loita ideolóxica nin se avance na conciencia e profesionalización da militancia feminina.

O exposto en ningún caso significa que debamos ignorar a organización e a resposta feministas ou a organización espontánea das mulleres, xa que poden constituír unha grande alianza en situacións de reacción misóxina do fascismo, especialmente se este conta con poder institucional. Non podemos pasar por alto a axenda reaccionaria contra a clase obreira migrante e contra os dereitos reprodutivos, laborais, sociais e culturais das mulleres, nin tampouco a represión do Estado contra as fronteiras feministas de resistencia. Do mesmo xeito, os movementos de resistencia das mulleres tamén poden rexurdir fronte a gobernos socialdemócratas nun

bélico, pois promoverán valores nacionalistas e imperialistas contra os traballadores migrantes, implantarán cada vez máis recortes sociais en favor de orzamentos militares e os valores familiares presentaranse como salvagarda das mulleres, como única saída para garantirlles protección, estabilidade e supervivencia económica. Non obstante, cómpre ser conscientes de que estas respostas feministas, aínda que poden verse atraídas polo proxecto comunista, non teñen, de maneira intrínseca, por que apoiar un proxecto revolucionario e, polo tanto, deben considerarse alianzas tácticas, pois quen verdadeiramente ten interese obxectivo en socavar os alicerces da sociedade capitalista e non vai ofrecer concesións é a clase obreira.

A batalla ideolóxica fronte ás propostas reformistas e socialdemócratas debe ser un dos piares da nosa militancia, e especialmente no marco da

institucionalización das demandas feministas, xa que é aquí onde o Estado se presenta como o axente político neutral, obxectivo e racional. E esta denuncia debe facerse desde a perspectiva comunista, isto é, desvelando os verdadeiros intereses da política reformista e dos partidos socialdemócratas, e contrapondo os intereses da organización comunista. Polo tanto, as comunistas non loitamos simplemente por defender dereitos básicos, pois estes son concesións conxunturais do poder burgués, e a súa existencia depende do oportunismo electoral, que permite os envites e retrocesos do fascismo. Esta tarefa de denuncia sobre o Estado burgués serve para educar a clase traballadora, en tanto que confía excesivamente na neutralidade das institucións e no seu sentido de xustiza e igualdade, así como para ofrecer un proxecto revolucionario capaz de satisfacer as necesidades das mulleres obreiras.

IV. Principios e Obxectivos

Podemos resumir as nosas bases teóricas fundamentais e os obxectivos estratéxicos principais nos seguintes:

1. Consideramos que a violencia patriarcal é expresión do modelo produtivo dominante, aínda que as manifestacións de violencia contra as mulleres poidan presentarse cunha certa autonomía na esfera máis cultural e ideolóxica da sociedade.
2. As mulleres da clase obreira cumpren un papel especial respecto da reprodución xeracional da forza de traballo, pois ningunha sociedade nin modo de produción pode sobrevivir se non garante a reprodución dos individuos, da clase traballadora.
3. A deslocalización da produción e a super-explotación da man de obra feminina das mulleres das áreas rurais do Sur Global, ccomo mecanismo fundamental que permitiu ao capital occidental incrementar os seus beneficios, non poderá ser destruída sen a organización revolucionaria da clase obreira baixo a bandeira do internacionalismo proletario.
4. No debilitamento ou fortalecemento da esfera reprodutiva e da familia obreira entra en xogo a organización comunista e as conquistas do movemento obreiro, polo que a familia e o traballo doméstico son terreos políticos onde se desenvolve a loita de clases.
5. A necesidade de mobilización feminina esixe que desde as filas comunistas se ofrezca un programa revolucionario para as mulleres que non faga simple apoloxía das familias obreiras. O ideal socialista debe recuperar a idea da produción doméstica como produción social colectiva e centrarse en abolir o traballo doméstico privado das mulleres obreiras, o que traerá como consecuencia a desaparición da familia como unidade privada de reprodución social da forza de traballo explotable.

6. O papel das comunistas é encamiñar estas tomas de conciencia colectiva cara á construción dunha clase revolucionaria. Necesitamos construír unha verdadeira unidade, máis alá de conglomerados forzosos e conxunturais, na firme tarefa de reconstituír o Partido Comunista e servir como guía efectiva do movemento revolucionario.
7. Deste xeito, tanto as mulleres como os homes deben participar en igualdade de condicións na organización de vangarda. Dirección política non mixta e a autonomía destes espazos radican esencialmente na súa capacidade para aplicar e desenvolver a liña política común en todo o relacionado coa loita das mulleres, xunto coa promoción de cadros femininos, especialmente en cadros de dirección.
8. Impulsar espazos para as mulleres obreiras onde o comunismo e o antiimperialismo como eixo aglutinador de militantes e como base para un proxecto de unidade comunista. Os espazos feministas non son as fronteiras automáticas da militancia antipatriarcal. Do mesmo xeito, é fundamental desenvolver unha axitación específica dirixida ás mulleres obreiras.

Unha proposta comunista fronte á violencia LGBTQ+ e para a organización revolucionaria

I. O «xénero» como expresión da división sexual do traballo

«*Todo o que é humano no ser humano [...] é ao 100 % [non ao 90 %, nin sequera ao 99 %] o resultado do desenvolvemento social da sociedade humana.*»

Ilienkov

O ser humano caracterízase en todas as súas dimensións pola produción social dos seus medios de vida e pola interacción consciente coa natureza neste proceso de produción. A actividade humana non pode comprenderse se atendemos en exclusiva ás características biolóxicas e xenéticas da especie, pois cada individuo interactúa cunha natureza transformada socialmente, cun conxunto de prácticas, tecnoloxías, institucións e normas; é dicir, coa *conciencia social materializada* que só existe na realidade obxectiva. Isto significa que hai aspectos da realidade que se nos presentan como naturais pero que son, en realidade, expresión e resultado da práctica social humana.² E neste proceso de transformación da natureza, o propio ser humano transfórmase tamén a si mesmo. Para ir máis alá da aparencia, debemos ser conscientes de que o natural está mediado e medido polo “social”, en tanto que a práctica humana crea e modifica o existente en función das súas necesidades históricas.

Cando dicimos que a realidade é obxectiva, é porque existe con independencia da idea individual que teñamos sobre ela. Deste xeito, a realidade detrás

de conceptos como «sexo» ou «xénero» existe con independencia das nosas ideas —ou das ideas burguesas— sobre ela. Dito doutro modo, a realidade que pretenden explicar as teorías sobre o «xénero» existe con independencia das limitacións teóricas e políticas que presenten.

Aterrándonos estas ideas á realidade do ser humano sexuado, podemos afirmar que existe, nas sociedades chamadas occidentais, unha división sexual do comportamento humano desde as primeiras sociedades prehistóricas, aínda que non foi ata a sociedade neolítica e o desenvolvemento da propiedade privada cando esta división sexual do traballo se volve máis rixida. É evidente, polo tanto, que o comportamento e o estatus masculino e feminino derivados desta división sexual do traballo se construíron sobre un elemento biolóxico e uns caracteres reprodutivos. Non obstante, o significado do masculino e do feminino foi mudando ao longo da historia en función das necesidades das sociedades humanas e, máis concretamente, en función das necesidades do modo de produción dominante de cada época. As expectativas e os atributos asignados a

¹ Segundo Klaus Holzkamp, a organización colectiva do traballo, xunto co uso e a preparación de medios de apoio (ferramentas, instrumentos alleos ao corpo), fan que as leis da evolución (desenvolvemento por mutación ao azar e selección natural) que actúan nos límites da fisioloxía deixen de ter un peso determinante no desenvolvemento do ser humano. Véxase Holzkamp, K. (1984). O proceso social e individual da vida. En *Ciencia marxista do suxeito* (2023).

² Un exemplo claro é o fetichismo da mercadoría: o valor dunha mercadoría preséntasenos como un atributo propio dela, cando en realidade é o resultado do tempo de traballo socialmente necesario para produci-la.

homes e mulleres durante a época feudal non son os mesmos que durante o capitalismo incipiente, nin tampouco os mesmos no marco dunha sociedade imperialista asentada.³

Estes fundamentos do materialismo histórico guiaron ata agora os nosos desenvolvementos teóricos

sobre a opresión das mulleres⁴ e tamén serven para clarificar a nosa análise e postura sobre a violencia contra o proletariado LGBTQ+, para ofrecer unha crítica das teorías do xénero e para expor unha proposta política comunista con proxección militante e desligada das tendencias académicas e liberais.

II. Crítica ás Teses sobre o xénero

As limitacións que caracterizan as teorías feministas á hora de abordar o que comunmente se coñece como «xénero» teñen que ver coa súa concepción do «social», do «biolóxico» e da fronteira entre ambos ámbitos.⁵ Isto amosouse con especial crueza na división do movemento feminista respecto á chamada «cuestión trans» e á súa aproximación á despatoloxización das persoas trans.

Así, atopamos dúas tendencias claramente diferenciadas no movemento feminista do noso contexto. Por unha banda, nos últimos anos fortaleceuse un sector transexcluínte amparado no feminismo radical, que vén reforzado polo movemento feminista institucional e académico vinculado ao PSOE. Este sector defende unha concepción de «muller» baseada en atributos biolóxicos como a capacidade de xestar. Desde esta perspectiva, o «sexo» equivale á condición de home ou muller, ao conxunto destes atributos biolóxicos

que veñen dados desde o nacemento e son inmutables. O «xénero», pola súa banda, sería un conxunto de roles sociais hexemónicos («roles de xénero») atribuídos a homes e mulleres, e asimilados polos individuos en distinto grao. De feito, xa en 1970, a impulsora do chamado feminismo radical, Shulamith Firestone, declarou que: *Ao contrario das clases económicas, as clases sexuais derivan directamente da realidade biolóxica: o home e a muller foron creados diferentes, e non son iguais.*

Pero estas posturas non son máis que materialismo vulgar, xa que consideran que o material se cingue ao tanxible (neste caso, o corpo), e que a acción política só pode actuar sobre un plano cultural que se superpón ao material.⁶ En primeiro lugar, naturalizan o que son categorías sociais historicamente específicas: a capacidade de xestar non supuxo necesariamente a subordinación das mulleres en todas as épocas históricas.⁷ En segundo lugar,

³ Ver capítulos 2 e 3 do libro *Un fio vermello atravesa as mulleres*, de Iniciativa Comunista.

⁴ Un exemplo claro é o fetichismo da mercadoría: o valor dunha mercadoría preséntasenos como un atributo propio dela, cando en realidade é o resultado do tempo de traballo socialmente necesario para produci-la.

⁵ O propio concepto de xénero xorde no ámbito da medicina para determinar a condición de «home» ou «muller» naqueles casos nos que o corpo non se correspondía nidiamente coa norma. Para sortear ese obstáculo, comezou a concluírse que a condición de home e muller se fixaba durante a vida: John Money propuxo os dous primeiros anos como período crítico nos casos de bebés intersexuais, e Robert Stoller ampliou estes períodos para explicar a existencia de persoas trans. O «sexo», anteriormente utilizado como categoría social, pasaría a ser o puramente biolóxico, mentres que o «xénero» sería o psicosocial. O movemento feminista adoptou esta distinción defendendo as súas potencialidades para combater o determinismo biolóxico: sobre a materia prima biolóxica do sexo, a sociedade imporí-a o xénero, unha diferenciación que traería consigo a subordinación das mulleres. Desde esta perspectiva, o concepto daba nova forza á coñecida consigna de Simone de Beauvoir: «non se nace muller, senón que se chega a selo».

⁶ A consigna da «abolición do xénero» queda para este sector reducida a unha loita cultural contra os roles de xénero (habitualmente comprendidos, ademais, de forma bastante limitada e restritiva).

⁷ Ver: Iniciativa Comunista (2024). A orixe da opresión das mulleres. *Un fio vermello atravesa as mulleres*.

limitan o social ás súas expresións culturais máis superficiais, desvinculando as ideas e a cultura daquilo que fai do ser humano un ser social: como se organiza a produción humana e a reprodución da forza de traballo. Esta omisión do modo de produción na súa análise da realidade vai da man da omisión da existencia de clases sociais, pois o suxeito «muller» está integrado tanto por mulleres burguesas como proletarias, o que se traduce politicamente na subordinación da emancipación das mulleres obreiras ás aspiracións das mulleres burguesas. A consecuencia política máis evidente é a negación das persoas trans como suxeito político, o que leva aparelado o veto das mulleres trans para integrarse nas filas da loita feminista, pois percíbense como homes infiltrados que ocupan os espazos femininos (militancia, deporte, institucións, postos de traballo, etc.). Máis alá da invisibilización das mulleres trans ou da transmisoxinia destas posturas, o certo é que levan apareladas unhas demandas encamiñadas a que o Estado controle e tutele todo o proceso de recoñecemento social das persoas trans.⁸

Por outra banda, tamén atopamos aquelas posturas referenciadas na Teoría Queer que se centran en denunciar que «o xénero» e a heterosexualidade son construcións sociais que poden chegar a «deconstruírse». As súas precursoras, Teresa de Lauretis e Judith Butler, conciben o xénero como unha representación que é produto de tecnoloxías sociais, como o cinema, os discursos institucionais e as prácticas da vida cotiá —o que Louis Althusser chamou os aparellos ideolóxicos do Estado—. Entenden, especialmente Butler, que as imposicións femininas e masculinas, determinadas pola heterosexualidade, están permanentemente vixiadas pola sociedade e polas institucións, e que esa rixidez pode ser desafiada mediante a reivindicación de prácticas afastadas do que se entende como norma

social.

Estas posicións, aínda que superan o materialismo vulgar e as posturas biologicistas ao asumir que o coñecemento humano sobre o real está socialmente mediado, e que os conceptos de home e muller son produto do propio desenvolvemento da práctica social humana, non chegan a advertir realmente cal é a base material da orixe e da reprodución da violencia do chamado «xénero». Atada aos vicios agnósticos e idealistas do postestruturalismo, a teoría Queer tende a reducir a crítica ao discursivo, sen advertir que a división sexual do traballo e a organización do traballo son pezas determinantes na construción da feminidade, da masculinidade e da heterosexualidade. En consecuencia, tende a orientar os seus esforzos políticos cara á revisión dos aspectos culturais e do proceso de interiorización cultural do individuo. Ignórase ou minórase a importancia da dominación de clase e a base económica destes aspectos culturais ao centrarse en elementos superficiais e individualistas. De feito, os movementos sociais referenciados na Teoría Queer articulan a súa estratexia arredor da categoría da identidade, que é entendida como unha ferramenta disruptiva desde a que é útil, ou posible, forxar a loita política. A identidade pasa de ser reprodutora da dominación a unha ferramenta disruptiva e liberadora en si mesma, desvinculada da loita de clases.

Estas políticas da identidade, por outra banda, conviven coas teorías interseccionais, que tenden a divorciar as opresións das súas causas reais e a separalas, por iso, entre si. Deste xeito, a chamada «opresión de xénero» vese como unha opresión allea e independente da opresión propia do funcionamento das relacións capitalistas, e convértese nunha cuestión identitaria.⁹

⁸Un exemplo paradigmático destas demandas pode atoparse nas 24 emendas á Lei 4/2023 (coñecida como «Lei Trans») presentadas por organizacións feministas deste sector transexluínte: https://contraelborradodelasmujeres.org/wp-content/uploads/2022/09/ACBM_Enmiendas_Ley_Trans_3-1.pdf

⁹Para unha defensa máis detallada das limitacións do «patriarcado» como sistema de opresión autónomo e da interseccionalidade, ver: Iniciativa Comunista (2024) Patriarcado e capital: unha totalidade contraditoria. *Un fio vermello atravesas as mulleres*.

Estas tendencias e choques entre sectores tamén aterraron no movemento comunista do Estado español (MCEe), sen que este desenvolvese unha proposta independente e madura sobre a «opresión de xénero» e sobre a violencia contra a clase obreira LGBTQ+. Así, atopamos adaptacións pseudomarxistas das posturas feministas transexcluíntes que falan do sexo (e non do modo de produción) como a «base material» da opresión das mulleres.¹⁰ Tamén un seguidismo acrítico das posturas feministas hexemónicas, onde se mantén a distinción entre «sexo» e «xénero» ao tempo que se fala dun patriarcado ou *heteropatriarcado* transhistórico.¹¹ Recoñecemos, non obstante, que existen avances nunha análise independente e propiamente

comunista da realidade da que pretende dar conta o concepto de «xénero» e do papel que temos como militantes comunistas.¹² Estes avances sitúan o modo de produción e a familia como cuestións principais para entender a sexualidade, a feminidade e a masculinidade tanto nos centros imperialistas como nas rexións imperializadas. A nosa análise pasa por aquí: por construír unha teoría e unha práctica independentes da academia feminista e institucional, partindo da idea materialista de que a práctica de homes e mulleres é unha práctica social histórica determinada fundamentalmente polas necesidades de produción do modelo produtivo dominante, máis que por determinacións biolóxicas.

III. Unha análise materialista da división sexual da práctica social

Dicía A. Kollontai na súa obra “Catorce Conferencias na Universidade de Sverdlov” que *a diferente posición da muller en relación co desenvolvemento das distintas formas económico-sociais, así como a posición da muller na sociedade, determina a súa situación na familia [...] esta conexión estreita e indisoluble dáse en todos os graos intermedios de desenvolvemento socioeconómico [...] A situación da muller é sempre o resultado das tarefas de traballo que se lle asignan na fase concreta de desenvolvemento dun sistema económico [...]*. Neste sentido, a posición e a práctica diferenciadas entre homes e mulleres non son nin naturais nin estábeis, e non se explican unicamente por determinacións biolóxicas. É máis, a lectura que se fai do «biolóxico» está influída pola propia práctica social e ten como

obxectivo xustificala ou naturalizala.¹³

Así as cousas, o que as académicas feministas denominaron como «xénero» non é unha relación social autónoma e independente do modo de produción, senón xustamente o contrario: a práctica social específica que define unha muller ou un home como tales. O que se concibe como «xénero» é unha práctica determinada polo modo de produción dominante e pola división do traballo da sociedade asociada a el. E así o enunciaba F. Engels en 1890 na súa coñecida carta a J. Bloch, na que afirmaba que: *segundo a concepción materialista da historia, o factor que en última instancia determina a historia é a produción e a reprodución da vida real.*

¹⁰ Temos como representantes desta tendencia posicionamentos contrarios á despatoloxización trans, como o do Buró Político do PCTE (<https://www.pcte.es/comunicados-centrales/contra-el-retroceso-en-derechos-que-supone-la-ley-trans/>).

¹¹ Véxase o XXI Congreso do PCE (páxinas 66-69):

<https://www.pce.es/media/uploads/2023/03/01/424c2b40a1fc4f0899e47b0bbf58de41.pdf>

¹² Atopamos exemplos destes posicionamentos propiamente comunistas en PRT (<https://somosrevolucion.es/primer-analisis-opresion-lgtb/>) e Kursant (<https://kursant.website/sexo-genero-familia/>).

¹³ Esta lectura ideolóxica dos atributos corporais mudou historicamente e sostívose en cada momento sobre diferentes prácticas. A máis exemplificadora é, probablemente, a eliminación durante os séculos XX e XXI de trazos propios de diversas formas de intersexualidade mediante intervención médica, eliminación que non atende nin á vontade da persoa nin ten como finalidade corrixir ningunha disfuncionalidade fisiolóxica, senón que se realiza para reforzar/soster esta lectura ideolóxica. Para consultar exemplos destas prácticas, ver: Anne Fausto-Sterling (2000). Sobre xéneros e xenitais: usos e abusos do intersexual moderno, en *Corpos sexados*.

- Orixes: división social do traballo, familia e sexualidade.

A sociedade non sempre diferenciou entre a práctica de homes e mulleres. Tal e como desenvolveron destacadas autoras (Kollontai, Vogel, Lerner), houbo un tempo no que o modo de produción dominante esixía unha práctica máis ou menos semellante entre todos os membros do colectivo social. Na sociedade preneolítica, no comunismo primitivo, as necesidades sociais do modo de produción dominante impoñían unha base de igualdade práctica entre homes e mulleres e todos os membros colaboraban nas tarefas de supervivencia, sendo que a capacidade xestante das mulleres non implicaba un sometemento nin unha dominación estrutural sobre elas. Porén, o asentamento do modelo produtivo neolítico (8.000–5.000 a.C.) trouxo consigo un cambio no control da capacidade reprodutiva das mulleres e unha división sexual do traballo moito máis forte. O dominio sobre a produción xerou un excedente produtivo máis ou menos estable e isto requiriu dunha estrutura social para mantelo: a familia e a división sexual do traballo. Pola súa banda, os homes, ao dispoñeren de máis tempo para outro tipo de tarefas, puideron especializarse no desenvolvemento dos medios de traballo da comunidade, o que á súa vez reforzou o seu poder sobre os medios de produción e sobre o produto excedente. Esta división sexual do traballo tan acentuada foi a base sobre a que se erixiu o status e as expectativas sociais sobre as mulleres que, na época da escravitude (aprox. 3.000 a.C.), se relacionaban coa sexualidade, a virxindade e a fidelidade nos servizos sexuais aos maridos e aos donos.

Este cambio histórico permítenos desenvolver unha hipótese materialista sobre a división dual da práctica social que pode defenderse ao longo de todos os períodos históricos: a división do traballo existente nunha sociedade crea unha práctica dual diferenciada entre homes e mulleres co obxectivo de garantir

produción e a reprodución das relacións sociais dominantes. E desde este marco, debemos ser conscientes de que a sexualidade ten un papel fundamental nesta función social asignada: non só se determina historicamente como deben ser homes e mulleres illados entre si, senón tamén como deben relacionarse.

Neste punto queremos salientar que, malia que o matrimonio monógamo e heterosexual foi unha estrutura xeneralizada desde as sociedades neolíticas e escravistas, as sociedades humanas non sempre trataron a sexualidade do mesmo xeito. Na Antiga Grecia, as relacións homosexuais entre homes estaban bastante estendidas e normalizadas e non se relacionaban con trazos femininos nin coa feminidade. De feito, a virilidade non se vinculaba tanto coa heterosexualidade como coa pasividade nas relacións, de maneira que un home era considerado viril en tanto que activo na relación sexual e activo no dominio moral sobre si mesmo.¹⁴ Porén, coa expansión do cristianismo, só serían aceptadas aquelas relacións sexuais dentro do matrimonio cunha finalidade procreadora, e descalificábanse as relacións entre individuos do mesmo sexo, concedéndose un alto valor moral á virxindade, á abstinencia sexual e á fidelidade monógama.¹⁵

- A división sexual da práctica social no capitalismo preimperialista

Unha vez desenvolvida a base anterior, xa estamos en disposición de analizar o contido e a función da práctica social diferenciada baixo a sociedade capitalista. Diremos que, baixo o capital, a división sexual do traballo se estrutura de maneira que garanta o proceso constante de acumulación de capital. Deste xeito, a feminidade, a masculinidade e a heterosexualidade teñen sentido e protección en tanto que responden a unha división sexual do traballo orientada á reprodución das relacións capitalistas.

¹⁴*Historia da sexualidade*, M. Foucault.

¹⁵*Ibidem*.

Así as cousas, debido á necesidade de garantir a reprodución da forza de traballo durante a crise demográfica e económica en Europa do século XVII, a división sexual do traballo debía ser ríxida, así como os roles masculinos e femininos. Os Estados comezaron a controlar a capacidade reprodutiva das mulleres e a fortalecer a familia e o papel reprodutivo destas, prohibindo os divorcios, penalizando o celibato e o aborto, e reforzando a represión das prácticas homosexuais. Na etapa seguinte, coa Revolución Industrial dos séculos XVIII e XIX, a feminidade vinculada á familia era posta en cuestión, como xa denunciara Engels: A ocupación da muller na fábrica dissolve necesariamente a familia, e tal disolución ten, na actual condición da sociedade, as consecuencias máis desmoralizadoras, tanto para os cónxuxes como para os fillos. [Estas condicións] rouban á muller a súa feminidade, sen que estea no seu poder dar ao home unha verdadeira feminidade nin á muller unha verdadeira masculinidade.¹⁶

Dito isto, se ben é certo que a feminidade e o papel das mulleres variaron en función das crises económicas e demográficas, tamén é certo que este acompañamento entre feminidade e necesidade produtiva non se produce de maneira lineal, senón que atravesa algunhas contradicións. Ao abeiro das crises demográficas do século XVII, controláronse de forma máis intensa as prácticas sexuais a través do dereito canónico, a pastoral cristiá e a lei civil, que determinaban a liña entre o lícito e o ilícito, especialmente no seo do matrimonio. Os tribunais e a medicina reprimían tanto a homosexualidade como a infidelidade e, en xeral, todas aquelas prácticas e comportamentos considerados «contra natura».¹⁷ E esta concepción do moral e do lícito perviviu mesmo durante os primeiros compases da I Revolución

Industrial, malia que a división sexual do traballo e a familia se atopaban debilitadas no seo da clase obreira. Do mesmo xeito ocorreu cos valores da feminidade tras a I Revolución Industrial, que foi vista por algúns lexisladores como un atributo incompatible co traballo asalariado das mulleres, en tanto que os traballos domésticos e reprodutivos se consideraban aínda como a «expresión natural» (naturalizada) das capacidades das mulleres, e todo iso malia que nas últimas décadas se estendera a figura da muller obreira en contornas fabrís e de auxe industrial.¹⁸

Non podemos obviar o papel do colonialismo das potencias occidentais sobre os territorios dominados, pois supuxo unha ruptura e un esmagamento das prácticas sexuais e das identidades femininas e masculinas locais, que foron substituídas pola imposición do matrimonio monógamo da sociedade capitalista e cristiá.¹⁹

- A división sexual da práctica social no imperialismo

O desenvolvemento do capitalismo derivou nunha nova fase coñecida como imperialismo, caracterizada polo dominio económico, financeiro e político das potencias imperialistas sobre as rexións imperializadas. O capital imperialista, na súa busca incesante de acumulación, especialmente desde os anos setenta do século XX, fomentou a proletarización masiva da poboación rural local, en particular das mulleres das áreas rurais, que serviron e continúan configurándose como man de obra de baixo custo. As potencias imperialistas e os organismos financeiros internacionais impulsaron modificacións lexislativas e cambios políticos para permitir que os países do sur se convertesen en fábricas de mercadorías para Occidente,

¹⁶ *A situación da clase obreira en Inglaterra*, de F. Engels.

¹⁷ *Historia da sexualidade*, M. Foucault.

¹⁸ Segundo o lexislador francés Jules Simon, quen en 1860 afirmou que «unha muller que se converte en traballadora xa non é unha muller», citado en *A muller traballadora en el siglo XIX*, de Joan W. Scott.

¹⁹ É interesante coñecer que, en países colonizados polo Estado español, como Guinea Ecuatorial, a poligamia masculina era un signo identitario e estruturador da sociedade local ata a chegada do cristianismo español. Véxase *Relixións e roles de xénero en Guinea Ecuatorial durante o período colonial*, J. Manuel M. Blanco.

especialmente nas industrias téxtil, electrónica e alimentaria. Ao mesmo tempo, tamén xurdiron grandes negocios arredor da explotación sexual e reprodutiva destas mulleres que, desprovistas das súas redes familiares e sociais de supervivencia, se converteron en suxeitos vulnerables para a prostitución e o turismo sexual orientado a homes occidentais. E esta incursión das relacións de dominación imperialistas ten un claro impacto na función social do traballo das mulleres e na construción da feminidade.

Así, as condicións económicas nas rexións dominadas, caracterizadas por unha proletarización masiva de mulleres de áreas rurais en idade fértil, impiden unha translación mecánica da división sexuada do traballo e da familia occidentais. A incorporación da man de obra feminina á manufactura supuxo o abandono das tarefas de subsistencia familiares, dificultando as posibilidades de supervivencia das familias e dos modos de produción autóctonos nas zonas rurais, xa que as mulleres son figuras clave nas economías de subsistencia²⁰. Por outra banda, a explotación sexual das mulleres novas de países imperializados, introducida polo turismo occidental, foi entendida, en países como Tailandia, como unha perversión dos valores tradicionais das mulleres, que se vinculaban ao amor á terra e ao orgullo de seren campesiñas²¹. Con estes exemplos non estamos idealizando nin defendendo as prácticas sociais nin os valores das rexións imperializadas, senón que nos limitamos a expoñer unha concepción cambiante da feminidade e da masculinidade en función das necesidades de produción.

Deste xeito, podemos afirmar que as esixencias produtivas son determinantes na construción e imposición do canon da feminidade, porque, do

contrario, os patróns femininos e masculinos serían froito dunha sorte de casualidade e a súa connivencia co modelo produtivo sería igualmente fortuíta. Dá mostra diso o caso filipino, xa que, tras a migración das mulleres a Occidente para serviren como man de obra barata en tarefas do fogar e dos coidados, os maridos pasaron de seren o soporte produtivo da familia a converterse no seu piar reprodutivo e a adquirir comportamentos tradicionalmente entendidos como femininos, mentres tanto as mulleres, ao se converteren en soporte económico, escaparon parcialmente das expectativas asociadas á feminidade²².

Por outra banda, a división sexual do traballo comeza a transformarse no propio centro imperialista debido á incorporación e asentamento das mulleres obreiras no ámbito laboral, á mercantilización das tarefas reprodutivas e á incorporación das mulleres migrantes como traballadoras do fogar nas familias occidentais, especialmente nas máis acomodadas., Cómpre dicir que estas circunstancias non supuxeron un debilitamento das estruturas familiares, polo que as mulleres do centro imperialista non se viron desposuídas dos roles femininos tradicionais, moi vinculados á sexualización, ao papel dos coidados e á función reprodutiva da familia. Non podemos negar que a sociedade occidental experimentou unha flexibilización dos roles femininos e masculinos e da sexualidade, debido en parte a estas novas circunstancias, pero tamén á maior politización e organización das mulleres e do colectivo LGBTQ+, que cuestionan o armazón ideolóxico-produtivo da división sexual do traballo propia do funcionamento capitalista. Un cuestionamento político-ideolóxico que, porén, non afectou á centralidade da familia como núcleo de reprodución da forza de traballo e de consumo masivo de mercadorías.

²⁰ *Un fio vermello atravesará ás mulleres*, cap. 3, de Iniciativa Comunista.

²¹ *Nuevas andanzas de rostro pálido, dimensiones del turismo sexual*, Julio Aramberri.

²² *Men's caregiving practices in Filipino transnational families. A case study of left-behind fathers and sons*, Asuncion Fresnoza-Flot, Universidade de Bruselas.

IV. A violencia contra a clase obrera LGBTQ+

Como mencionamos anteriormente, no centro imperialista danse as condicións produtivas e políticas para unha flexibilización parcial da división sexual do traballo,²³ e estas condicións sopran a favor do impulso do movemento obreiro e popular contra a represión da poboación LGBTQ+. No Estado español, esta flexibilización concrétese en momentos como a derogación da Lei de Perigosidade e Rehabilitación Social e do delito de escándalo público, a aprobación do matrimonio entre persoas do mesmo sexo ou a despatoloxización trans. Mais, como tamén mencionamos anteriormente, persiste unha violencia significativa.

Malia as dificultades metodolóxicas para coñecer con precisión a situación do proletariado LGBTQ+ no Estado español,²⁴ as fontes dispoñíbles confirman a persistencia desta violencia e a existencia dunha opresión específica sobre o proletariado LGBTQ+. Segundo a última enquisa da Fundamental Rights Agency ao respecto,²⁵ un 53 % das persoas LGBTQ+ enquisadas residentes no Estado español sufrira algún tipo de acoso por seren LGBTQ+ nos 12 meses previos a responder a enquisa, porcentaxe que se incrementa ata arredor do 70 % no caso das mulleres trans, homes trans e persoas non binarias. Un 12 % das persoas enquisadas sufriu violencia física ou sexual por seren LGBTQ+ nos 5 anos previos (un

27 % das mulleres trans e un 21 % dos homes trans e das persoas non binarias). Un 4 % viviu violencia física ou sexual por seren LGBTQ+ no último ano, un 14 % no caso das mulleres trans e un 10 % no das persoas non binarias. Resultados nesta dirección reproducense tamén no caso do acceso á vivenda²⁶ e da ideación suicida ou dos intentos de suicidio.²⁷

As condicións materiais da flexibilización da práctica social, a maior aceptación social das realidades LGBTQ+ e o cesamento parcial da represión do Estado contra a poboación LGBTQ+ conviven con estas manifestacións de violencia, que afectan de maneira máis acusada ao proletariado LGBTQ+ pola súa dependencia económica. A familia nuclear persiste como célula social básica e, como non pode ser doutro xeito baixo o capitalismo, a subsistencia da clase traballadora require da venda da súa forza de traballo. Para o proletariado LGBTQ+, o apoio familiar e a posibilidade de vender a propia forza de traballo son dous aspectos que poden estar condicionados á hora de non visibilizarse. Tampouco podemos esquecer que a despatoloxización trans é un fenómeno recente e que as tutelas médicas e psiquiátricas, xunto co rexeitamento social xeneralizado e as súas consecuencias máis graves, marcaron a vida de moitas xeracións de persoas trans.

²³ Neste sentido, lembramos que: «Non se pode afirmar categoricamente que a familia sexa a única forma posible de reprodución da forza de traballo, nin que o capitalismo e a familia teñan unha relación plenamente funcional carente de contradicións». Iniciativa Comunista (2024). A familia e a súa función social. *Un fío vermello atravesas as mulleres*

²⁴ A estatística oficial non pregunta pola orientación sexual nin pola condición de persoa cis ou trans das entrevistadas. Fóra das estatísticas oficiais, a miúdo non é posible realizar unha mostraxe suficientemente representativa das persoas trans. A mostraxe adoita ser incidental, polo que a representatividade da mostra non está garantida: esta vén condicionada polas canles de difusión de cada enquisa. Por outra banda, a información cualitativa (historias de vida, protocolos existentes, etc.) indícanos fenómenos que sofren especificamente as persoas LGBTQ+, pero sen que poidamos coñecer a súa prevalencia.

²⁵ <https://fra.europa.eu/en/publications-and-resources/data-and-maps/2024/eu-lgbtqi-survey-iii>

²⁶ Un 18 % das persoas LGBTQ+ enquisadas sufriu algún tipo de problema de vivenda (tivo que quedar temporalmente con amigos ou familiares, nun recurso habitacional de emerxencia ou temporal, durmir nun espazo público...). Cómpre salientar que un 3 % das mulleres trans e un 4 % das persoas non binarias enquisadas tiveron que durmir nalgunha ocasión á intemperie ou no espazo público.

²⁷ Un 11 % das persoas enquisadas declara ideacións suicidas frecuentes (un 23 % no caso de mulleres e homes trans e un 20 % nas persoas non binarias) e un 18 % afirmou ter intentado suicidarse algunha vez (42 % no caso dos homes trans, 30 % no caso das mulleres trans e 27 % no caso das persoas non binarias).

V. Estado do movemento LGBTQ+

Partimos da constatación de que as políticas do Estado capitalista lograron atender a determinadas reivindicacións políticas do movemento LGBTQ+, o que evidencia a capacidade de adaptación do Estado e a falta dunha organización revolucionaria capaz de vincular os intereses do proletariado LGBTQ+ a un proxecto comunista que vaia máis alá dos parches das leis burguesas.

O movemento político LGBTQ+, que durante o período de transición estaba moi vinculado ás aspiracións democráticas e antifranquistas da loita comunista, nas últimas décadas centrouse en solicitar dereitos democrático-burgueses como a igualdade no matrimonio ou a igualdade nas condicións de adopción de menores. Deste xeito, solicitouse un trato igualitario baixo as regras capitalistas e os seus valores (familia, traballo, vivenda). Polo tanto, non podemos dicir que o capital cambiase as reivindicacións dos movementos LGBTQ+, senón que soubo canalizalas a través das propias limitacións ideolóxicas e organizativas destes. Deste modo, xurdiu toda unha industria do LGBTQ+ que trata de aproveitarse das demandas políticas, e moitas empresas, co obxectivo de atraer consumidoras e consumidores e gañar cota de mercado fronte á competencia, intentaron utilizar o LGBTQ+ como un reclamo baleiro e oportunista, xa que, en momentos de reacción política homófoba e transfoba, estas mensaxes *gayfriendly* serán pretendidamente evitadas e condenadas polas mesmas empresas.

Partindo das limitacións internas das reivindicacións LGBTQ+, como comunistas debemos saber atraer ao terreo revolucionario á clase obreira LGBTQ+ para que conte con ferramentas suficientes para enfrontar a reacción que a reprime e, ao mesmo tempo, para saber afastarse dos cantos de serea da socialdemocracia, que se presenta como única garante da seguridade do proletariado LGBTQ+, como única forza capaz de frear a reacción, e utiliza o cesamento parcial da represión do Estado sobre a clase obreira

LGBTQ+ como pretexto para encadrar ás masas no proxecto imperialista do benestar occidental e da sociedade de consumo. Mais para atraer á causa revolucionaria á clase traballadora que vai ser pasto da represión política por parte de sectores reaccionarios e fascistas, temos que ter claro que a clase obreira xa parte dunha división real e obxectiva orixinada pola violencia misóxina, homófoba e transfoba, e que as distintas respostas contra esta violencia non son as que xeran a división de clase. Partimos de que todas estas divisións xeran espazos políticos diversos que non están a ser dirixidos nin abordados desde un proxecto comunista. E é que, neste camiño de construción do suxeito revolucionario, cómpre apostar por unha análise propia e por unha proposta política desligada das teorías interseccionais, liberais e reaccionarias, e desligada tamén das teorías burguesas do Estado, que nos fan crer que a través dos textos legais e das Administracións Públicas imos conseguir a protección da clase obreira LGBTQ+ e unha igualdade real.

Mais non podemos obviar as limitacións externas e internas que existen neste camiño; entre outras, unha clara desafección política da poboación, a ausencia de cultura organizativa durante as últimas décadas e unha ideoloxía difusa e heteroxénea, seguidista das forzas burguesas do parlamentarismo. Isto tradúcese en demandas cun carácter burgués tan marcado como o amparo da mercantilización dos corpos das mulleres para a chamada «xestación subrogada», co pretexto de que a poboación LGBTQ+ tamén ten dereito a formar a súa familia. Estas posicións burguesas, pola súa banda, son utilizadas pola reacción para tomar a parte polo todo e soste que o conxunto das demandas presentes no movemento LGBTQ+ supoñen un ataque contra as mulleres. Máis alá destas posturas, tamén nos atopamos con expresións políticas máis radicalizadas vinculadas aos movementos feministas que, ou ben están limitadas polo marco da interseccionalidade, ou ben permanecen pechadas en espazos políticos

altamente segregados nos que, ao igual que en gran parte dos espazos de resistencia, a militancia comunista está expresa ou sutilmente vetada.

Pola súa banda, o movemento de reivindicación dos dereitos trans estivo moi vinculado á despatoloxización trans e aos avances legais, sendo que a Lei Trans foi amplamente celebrada no seu seo. Porén, confía na ilusión da discriminación positiva,

na igualdade formal, e apela ao Estado burgués para combater a violencia. Esta dirección política constitúe unha forma de desactivación da política revolucionaria, que debe poñer en cuestión a institución da familia nuclear e a división alleada do traballo como piares da forma de reprodución da sociedade capitalista contemporánea.

VI. Proposta política

As necesidades do proletariado LGBTQ+ están lonxe de esgotarse na Lei Trans, e calquera estratexia política que se propoña o perfeccionamento desta lei como horizonte máximo está condenada á impotencia. A consecución das demandas propias do proletariado LGBTQ+, derivadas directamente da violencia específica que sofre, pasa por unha estratexia comunista. Neste punto debemos ser autocríticas coas limitacións que tivo o movemento comunista e recoñecer que as organizacións comunistas non facilitaron o desenvolvemento político do proletariado LGBTQ+, pois en moitas ocasións non recoñeceron a violencia específica que sofre esta parte da clase, e mesmo ampararon liñas e comportamentos homófobos e transfobos acubillados nunha análise materialista vulgar que vincula as características xenéticas e biolóxicas cun determinismo social de ser muller ou home, propiciando así a fenda política entre a organización comunista e a clase obreira LGBTQ+. Isto é tamén reflexo de que o movemento comunista non desenvolveu unha teoría marxista propia emancipada das teorías académicas reaccionarias ou das tendencias feministas e interseccionais.

Non obstante, para superar estas limitacións debemos recoñecer as experiencias máis avanzadas da nosa historia como movemento comunista, salientando a creación do *Front d'Alliberament Gai*

de Catalunya en 1975 da man do Partit Socialista Unificat de Catalunya (PSUC), do Partido Comunista de Unificación (PCU) e do Movimiento Comunista de España (MCE), entre outras organizacións. Este defendía a liberación homosexual na Transición desde unha visión claramente obreira e rupturista co réxime franquista, promovendo campañas pola amnistía ou polo Día Internacional da Muller Traballadora. En relación coa organización MCE, cómpre destacar que foi un espazo político de referencia para a militancia LGBTQ+ durante a Transición pola súa implicación en manifestacións, congresos, eventos e campañas en defensa dos dereitos homosexuais e das persoas trans, e contra a represión política e social que sufrían. Internamente, o MCE recolleu nos seus congresos e resolucións a problemática LGBTQ+ e o compromiso comunista coa liberación sexual, sendo o único destacamento que enviou representación lésbica á VIII Conference International Lesbian Informative Service (ILIS) de Xenebra en marzo de 1986.

Atendendo a estes avances históricos e analizando a situación do movemento LGBTQ+ e a realidade da nosa clase, entendemos que é o socialismo o único horizonte de realización plena das reivindicacións da clase obreira LGBTQ+. Consideramos que a organización comunista debe ser quen de organizala no proceso de formación da clase para

²⁸ *Invertidos y Rompepatrias, marxismo, anarquismo y desobediencia sexual en España*, Piro Subirats

Recoñecer ao proletariado LGBTQ+ como un sector da clase²⁹ implica combater os prexuízos LGBTQ-fóbicos que dificultan a súa organización e identificar, denunciar e combater a violencia específica que sofre. Isto lévanos á necesidade de intervir nas demandas inmediatas da clase de maneira comunista, ofrecendo solucións políticas autónomas que non estean enmarcadas no marco legal e institucional.

A proposta comunista pasa necesariamente por consolidar uns principios teóricos claros sobre a orixe e a violencia que sofren as persoas LGBTQ+ da clase traballadora, que afunde as súas raíces na división sexual do traballo como expresión do funcionamento e das necesidades da produción capitalista. Necesidades que se concretaron, na maior parte das etapas capitalistas, na existencia dunha estrutura familiar férrea que produce obreiros e reproduce a ideoloxía burguesa sobre os modelos e comportamentos sexuais.

A proposta comunista require tamén dunha práctica militante que dedique especial atención á axitación e á propaganda para organizar e revolucionar á clase obreira LGBTQ+, que diferencie os intereses liberais dos intereses proletarios nas reivindicacións xenéricas do movemento LGBTQ+, especialmente en momentos de refluxo político e reacción fascista. Mención especial require a axitación e propaganda dirixida ás persoas trans que, ao seren vistas como suxeitos alleos á loita revolucionaria, provocan a miúdo un forte rexeitamento nas organizacións políticas, polo que se ven forzadas a segregarse en espazos institucionais de aparencia rupturista.

Nuestro trabajo político tiene que partir de que la violencia homófoba y transfoba genera una

desunión y fractura en el seno de nuestra clase y que toda fractura genera una segregación que lleva implícita la desprotección y la marginalidad de parte del proletariado, lo que deriva en una devaluación de su fuerza de trabajo, que a su vez refuerza la explotación y el poder del capital sobre nuestra clase.

É desde estes principios que poderemos vincular as necesidades específicas deste sector da clase coa estratexia comunista. Ante as consecuencias dramáticas que ten a dependencia respecto da familia, o proxecto comunista debe responder cun programa claro: socialización do traballo doméstico, superación da familia como célula que allea o traballo das mulleres e superación da división sexual do traballo. No camiño, a nosa tarefa pasa polo fortalecemento do movemento comunista, promovendo e reforzando espazos de autoorganización obreira desligados da institución, así como espazos para a defensa dos dereitos laborais e do acceso á vivenda, todo iso co obxectivo de que os sectores vulnerables da clase traballadora adquiran independencia económica e política respecto das familias e do Estado. Ante o auxe reaccionario que nega a autonomía das persoas trans e as condena á patoloxización, as comunistas debemos defender as medidas destinadas á súa autodefensa e supervivencia, ao tempo que debemos combater as propostas políticas que teñen como único obxectivo a modificación corporal das persoas trans, pois entorpecen a súa organización política fronte ao modelo burgués que reforza os roles femininos e masculinos co fin de manter unha firme división sexual do traballo que garanta a reprodución das relacións capitalistas. Fronte a esta visión forzada das condutas e identidades binarias, o proxecto comunista pasa pola abolición das condicións materiais que requiren dun modelo ríxido de (hetero)sexualidade e de identidades masculinas e femininas.

²⁹Sobre a configuración da clase, lembramos que: «Débese partir dunha análise do modo de produción para entender as diferentes determinacións que fragmentan a clase obreira e que poden presentarse desconectadas entre si, aínda que xa vimos que esta desconexión é só unha manifestación na aparencia». Iniciativa Comunista (2024). Patriarcado e capital: unha totalidade contraditoria. *Un fío vermello atravesas ás mulleres*.

Ante a división interna da nosa clase por prexuízos contra o proletariado LGBTQ+: axitación e propaganda destinadas a combatelos. E, ante o avance da reacción: autodefensa, independencia da socialdemocracia e fortalecemento da organización comunista. Un fortalecemento que pasa pola integración do proletariado LGBTQ+ no proceso de construción do Partido Comunista, onde a organización prepartidaria debe ser un espazo que garanta a participación deste sector da clase. En definitiva, seguindo a Lenin: *A conciencia da clase obreira non pode ser unha verdadeira conciencia política se [...] non está afeita a facerse eco de todos os casos de arbitrariedade e de opresión, de todos os abusos e violencias, e a facerse eco desde a análise comunista.*

